



Recomendación á Consellería de Política Social sobre a cobertura de prazas nas Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Expediente: A.4.Q/39367/15

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017

Sr. conselleiro.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D<sup>a</sup> [REDACTED], relativo ao sistema de cobertura do profesorado nunha galescola.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indicábanos que o día 22 de agosto 2015 presentou por rexistro solicitude para o levantamento de chamamentos nas listaxes de selección de galescola de Cambre como educadora. O venres 28 de agosto 2015 chamou telefonicamente ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e falou coa teleoperadora, que comentou que aínda non chegara o seu escrito pero que xa dera aviso de que había dúas entradas para levantamentos. Finalmente, tivo constancia de que o luns 31 de agosto chamouse dende o Consorcio a D<sup>a</sup> [REDACTED] para optar a unha praza vacante de educadora a pesar de que esta persoa estaba dous postos mais abaixo nas listas. Días máis tarde, chamárona para unha substitución en Cambre, véndose prexudicada xa que a praza anterior correspondíase cunha vacante.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social. No informe, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pon de manifesto que o día 31/08/2015 tivo entrada no seu rexistro o escrito da reclamante solicitando o levantamento da suspensión dos chamamentos da listaxe de agarda. Ao respecto, salienta que a solicitante presenta o seu escrito no rexistro xeral da Xunta de Galicia do edificio administrativo da Coruña con data do 22/08/2015, dende onde foi remitido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade

e Benestar, sendo recibido por esta entidade con data do 31/08/2015 ás 11:47:53 hs, núm. de entrada 6667.

O Consorcio explica tamén neste escrito o procedemento seguido dende esta entidade para a cobertura temporal de postos de traballo nas galescolas, sinalando o seguinte:

“Recibido o informe sobre a necesidade de cobertura dun posto de traballo dende a área correspondente, procédese á súa tramitación, realizando os chamamentos aos aspirantes que forman parte da listaxe de agarda que corresponda, e que se atopen en situación de dispoñibilidade. O chamamento realizase por orde de prelación ata acadar a cobertura dos postos.

Tendo en conta o anterior, o día 28/08/2015 dende a área de escolas infantís do Consorcio infórmase da necesidade de cobertura de 5 postos vacantes de educadora infantil na escola infantil de Cambre - O Temple. Á vista do informe favorable, dende o día 28/08/2015 iníciase os chamamentos para dar cobertura aos anteditos postos, seguindo a orde de prelación dos aspirantes que integran a listaxe de agarda e que se atopen en situación de dispoñibilidade.

Así, do total de postos vacantes de necesaria cobertura, a día 28/08/2015 foron aceptados polos aspirantes 2 dos ditos postos, reanudándose os chamamentos o día 31/08/2015 para acadar a cobertura dos 3 postos restantes. Segundo a reclamante, un destes postos foi ofertado a dúas aspirantes que se sitúan por debaixo dela na listaxe de agarda. A consellería recorda que, malia que efectivamente a aspirante sitúase por riba das devanditas aspirantes, a reclamante non estaba en situación de dispoñibilidade para recibir chamamentos toda vez que a súa solicitude de levantamento tivo entrada no rexistro do Consorcio o 31/08/2015 ás 11:47:53 h, núm. de entrada 6667, isto é, malia que manifesta ter achegado a súa solicitude o día 22/08/2015, o certo é que o seu escrito foi presentado no rexistro xeral da Xunta de Galicia do edificio administrativo da Coruña con data do 22/08/2015.”

A consellería continúa dicindo que, de conformidade coas previsións contidas nos artigos 38 e 42.3 b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (en diante LRXAP-PAC), tratándose de procedementos iniciados a instancia dos interesados, a Administración está obrigada a resolver as devanditas solicitudes desde a data na que estas teñan entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. A estes efectos, os órganos administrativos levarán un rexistro xeral no que se fará constar o correspondente asento de todo escrito ou comunicación presentado e logo de concluír o trámite de rexistro, os devanditos escritos e comunicacións serán cursados sen dilación aos seus destinatarios e ás unidades administrativas correspondentes dende o rexistro no que foran recibidas.

O Consorcio conclúe que, tendo en conta que o día 22/08/2015 a solicitante presentou a súa solicitude no rexistro xeral da Xunta de Galicia no edificio administrativo da Coruña, e que o devandito documento polo que solicitaba o levantamento da situación de suspensión tivo entrada no rexistro do Consorcio o día 31/08/2015 ás 11:47:53 hs, os chamamentos realizados o mesmo día ás 12:31 hs e ás 12:37 hs non obedecen a unha demora na tramitación da súa solicitude por parte desta entidade, posto que unha vez realizado o asento correspondente e cursada a solicitude á unidade competente, esta terá que revisar a solicitude e no seu caso a documentación que se xunte para a súa validación e vinculación co seu expediente, para a súa posterior dación de conta á Comisión de Valoración e Seguimento da listaxe de agarda a quen lle corresponde, no seu caso, a ratificación do levantamento solicitado. Por maior abastanza, engade que a tramitación da súa solicitude foi realizada sen dilación toda vez que con data do 02/09/2015 recibiu unha oferta de vinculación temporal para a cobertura do posto de educadora infantil na escola infantil de Cambre, e na actualidade está a prestar servizos na escola infantil en virtude dun contrato de traballo subscrito con data do 11/11/2015.

3. Co fin de aclarar o procedemento para o levantamento da suspensión, solicitamos do Consorcio información complementaria para aclarar a necesidade de supervisión da Comisión de Valoración e Seguimento da listaxe de agarda á que se fai referencia, pois non se indica qué tempos son necesarios para este trámite, e se nese mesmo día podería terse xestionado tal esixencia. Sobre este asunto, recibimos un oficio no que se constata que será no seo da Comisión de Seguimento no que se diriman as cuestións relativas ás de suspensión de chamamentos así como a reposición na situación de dispoñibilidade nos chamamentos respecto daqueles aspirantes que así o teñan solicitado. Non obstante o anterior, indícase no informe que, toda vez que a Comisión de Seguimento reúnese con carácter ordinario unha vez ao trimestre, con fin de axilizar o trámite previsto na normativa reguladora garantindo así a operatividade das listaxes de agarda, acordouse que no caso das solicitudes de reposición da situación de dispoñibilidade respecto daquelas suspensións de chamamentos recoñecidas no artigo 15.2 das Bases Xerais, dado que estas solicitudes de levantamento quedan supeditados á petición mesma dos/as interesados/as, os efectos de tal solicitude son inmediatos. Na xuntanza da Comisión inmediatamente posterior darase conta dos levantamentos que se tivesen realizado baixo os anteditos criterios aos efectos da súa posta en coñecemento e ratificación.

4. Tralo análise de toda a información remitida polo Consorcio, entendemos que o problema debía centrarse na suposta demora entre a comunicación de levantamento realizada e rexistrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia pola interesada con data do 22 de agosto e a recepción desta solicitude polo propio Consorcio o día 31 de agosto. Por tal motivo, e co fin de clarificar os organismos intervintes no proceso e as posibles responsabilidades na dilacións do mesmo, dirixímonos a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que nos facilitaran información sobre a cuestión.

O informe remitido pola Secretaría Xeral Técnica desa consellería indica que a normativa de aplicación na materia é o Decreto 191/2011, do 22 de outubro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co artigo 9 dese decreto, as actuacións materiais de rexistro de entrada de solicitudes, escritos e comunicacións realízanse en soporte informático sobre un sistema de información único para o conxunto de órganos, servizos e unidades que integran o Sistema Único de Rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia; dito soporte é a aplicación informática "Aires" de xestión do sistema de rexistro.

A consellería de Presidencia sinala que de acordo co artigo 19 do dito decreto, as solicitudes, escritos ou comunicacións de particulares que se presenten nos rexistro auxiliares serán rexistrados de entrada mediante a anotación correspondente, co número RX1614716; a remisión material de documentación efectúase no prazo máximo de dous días hábiles, art. 19.b), e que a Disposición Adicional 3ª dese decreto establece que o horario de atención ao público nos Rexistros os sábados será de 9 h. a 14 h.

Respecto da entrada realizada o sábado 22 agosto, ás 13:19 h, consta no informe que o funcionario do Rexistro de Monelos completou os trámites informáticos o luns 24 de agosto, ás 10:59 h, dentro do citado prazo de 2 días hábiles. O seguinte paso foi poñer o escrito rexistrado dentro dun sobre rotulado co enderezo do Consorcio destinatario, e entregouse ao Servizo Postal de Correos para a súa achega, mediante valixa para Rexistro Xeral en Santiago de Compostela; unha vez recibida, se lle deposita o sobre no casilleiro específico do Consorcio, onde o recolle o seu propio persoal.

Para rematar, o informe do Servizo do Rexistro Xeral e Información á Cidadanía recolle que o funcionario do rexistro do Consorcio recibiu ese sobre, que xa ten rexistro de Entrada e realizou o trámite de recepción electrónica, mediante o número (interno) 6667, con data luns 31 de agosto, ás 14:02 h.

#### ANÁLISE

Tras un exhaustivo estudio de toda a información obrante neste expediente, consideramos que o problema que orixina esta reclamación debe centrarse plenamente no tempo transcorrido entre a solicitude de levantamento de suspensión formulado e rexistrado pola interesada con data do 22 de agosto de 2015. Non xera dúbidas o procedemento así, toda vez que resulta aclarado o carácter automático deste unha vez que se comunica ao Consorcio. Tampouco se discute a orde de prelación das persoas chamadas o día 31 de agosto, estando admitido por todas as partes que había persoas que se atopan nunha posición inferior á da reclamante.

Polo tanto, o orixe do problema xorde en tanto que, tal e como ven afirmando o Consorcio nos seus escritos, a imposibilidade de chamar á autora da queixa para a cobertura dunha das prazas convocadas na Escola de Cambre – O Temple deriva de que a súa solicitude de incorporarse aos chamamentos mediante o levantamento da suspensión solicitada no ano 2012 produciuse con posterioridade á adxudicación das prazas, pois no rexistro do Consorcio non se tivo recepción oficial do seu escrito ata ás 11.47 hs do día 31, habéndose realizado as chamadas preceptivas a outras candidatas ás 12.13, 12.31 e 12.37 hs dese mesmo día.

Dito o anterior, debemos traer a colación o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992 (vixente naquel momento) que establece que os órganos administrativos levarán un rexistro no que se fará o correspondente asento de todo escrito ou comunicación que sexa presentado. Engádese que, concluído o trámite de rexistro, os escritos e comunicacións serán cursados sen dilación aos seus destinatarios e ás unidades administrativas correspondentes desde o rexistro en que tiveran sido recibidas. Tamén hai recordar o disposto no apartado b) do artigo 19 do Decreto 191/2011 mencionado nos antecedentes, o cal alude expresamente ao prazo máximo de dous días hábiles que ten o órgano rexistrador para remitir a solicitude, escrito ou comunicación ao órgano competente cando este pertenza a outra administración pública.

Pola información que manexa esta Institución, aportada pola interesada e as administracións afectadas, parece quedar evidenciado que o encargado do rexistro sito no edificio administrativo da Coruña-Monelos remitiu nos prazos preceptivos a solicitude da interesada. Sendo isto así, non deixa de ser sorprendente que dende o luns 24 de agosto, o Consorcio non recibira o documento ata 7 días naturais (6 días hábiles) despois. Deste xeito, se a remisión foi realizada sen dilación, non queda xustificada que a recepción polo persoal do Consorcio fora igualmente dilixente. Entendemos que de xeito diario se reciben documentos dirixidos a este organismo público para darlle entrada rexistral, sen que ao longo desa semana (ata o luns 31 de agosto) non se chega a incluír o escrito remitido dende A Coruña o día 24 de agosto.

Deberíamos sinalar tamén que, segundo manifesta a interesada, púxose en contacto telefónico co Consorcio en varias ocasións para confirmar a recepción do súa solicitude, trasladando a presentación efectiva da solicitude de levantamento da suspensión de chamamento. Aínda así, preguntámonos se non se produciu movemento algún para interesarse se poida estarse producindo algunha dilación indebida no funcionamento do rexistro.

Non podemos obviar a especial trascendencia que os retrasos na remisión/recepción de documentación polas Oficinas de Rexistro poden ter sobre os procedementos administrativos aos que se cursan e, concretamente, respecto dos prazos de resolución e notificación. Nin sequera o prexuízo que debe soportar o administrado por un

funcionamento anormal do órgano administrativo non queda subsanado polo chamamento do día 2 de setembro dese mesmo ano. A interesada destaca que as prazas cubertas a finais de agosto eran vacantes, mentres que a que se lle ofertou posteriormente era unha substitución.

Ao noso entender, evidénciase unha dilación excesiva no rexistro da solicitude da interesada imputable unicamente á administración pública, e será o Consorcio quen deberá instar a investigación oportuna para dirimir as responsabilidades correspondentes, tendo en conta a información obtida do rexistro xeral de A Coruña-Monelos. Pero, sen dúbida, a interesada non debe soportar os prexuízos causados por tal demora que determinou a imposibilidade de acceder aos postos ofertados para a Escola Infantil de Cambre – O Temple, que de ter recibido en tempo e forma o seu escrito (tal e como foi presentado atendendo a unha dilixencia media esixible), poderíalle ter dado acceso.

### CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar á Consellería de Política Social a seguinte Recomendación:

*Que se adopten as medidas necesarias para repoñer á autora da queixa no dereito que lle corresponde, e que non chegou a facerse efectivo ao producirse unha dilación excesiva no rexistro da súa solicitude no órgano competente para resolver o procedemento, constatándose así un mal funcionamento da administración non imputable á administrada.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo